Acta da sesión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do día 16 de maio de 2024

[PLG/MCVR]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego,** o día **16 de maio de 2024, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noelia Pérez López
(Presidenta)
Roberto Rodríguez Martínez
(Vicepresidente)
Iria Carreira Pazos
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Raquel Arias Rodríguez
Patricia García González
Nicole Grueira Fernández
José Alberto Pazos Couñago
Raúl Santamaría González
Cristina Sanz Arias
(en substitución de María Encarnación Amigo Díaz)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Ariadna Fernández González
María Montserrat Prado Cores
Noa Olalla Presas Bergantiños
(en substitución de Olalla Rodil Fernández)
Iago Suárez Fernández
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
María Elena Espinosa Mangana
María del Carmen Rodríguez Dacosta
(en substitución de Silvia Longueira Castro)
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Comparecentes:
Directora da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos - ADOS
Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar
Secretario xeral de Vivenda e Urbanismo
Secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade
Xerente do Sergas

Letrada:
Purificación López Gómez

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

A señora presidenta abre a sesión e rógalle á señora secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución.

Logo da constatación deste, a Presidencia, previo acordo cos portavoces dos distintos grupos parlamentarios, dá conta dunha alteración na orde de debate das iniciativas que integran o punto único da orde do día, consistente en tramitar en primeiro lugar a pregunta doc. núm. 2072 (1.3) e en terceiro lugar a doc. núm. 530 (1.1), alteración comunicada onte pola mañá aos membros da Comisión. Non se manifestan obxeccións ao respecto.

Xa que logo, procédese ao trámite da pregunta doc. núm. 2072 (1.1):

Punto único. Preguntas:

1.3 2072 (12/POC-000341)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Fernández, Iago e 2 máis
Sobre a taxa actual de emancipación da mocidade galega e a relación coa súa situación laboral e a súa capacidade de acceso á vivenda
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 17f2, do 25.04.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Suárez Fernández (BNG),** quen procede á defensa e formulación da súa iniciativa ampliando os argumentos amosados por escrito e publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle o **señor secretario xeral de Vivenda e Urbanismo (Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas), Heriberto García Porto.**

En rolda de réplica, o **señor Suárez Fernández (BNG)** comenta a resposta recibida e insiste no tema obxecto de debate, pois considera que o señor secretario xeral non contestou a todo o que se formula na iniciativa.

Pecha o debate desta iniciativa o **señor secretario xeral de Vivenda e Urbanismo, Heriberto García Porto**, matizando as verbas do señor preguntante e ampliando a información aportada na súa anterior intervención

A Presidencia agradécelle ao señor García Porto a súa presenza e colaboración cos traballos desta Comisión, e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse da mesma para atender outras obrigas.

Ao longo da anterior intervención a señora presidenta abandona o seu posto na Mesa da Comisión, en cumprimento do disposto no artigo 82 do Regulamento do Parlamento de Galicia, pasando a ocupar a Presidencia o señor vicepresidente.

PARLAMENTO DE GALICIA

1.2 1172 (12/POC-000176)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e 8 máis
Sobre o procedemento que debe seguir calquera concello para a súa adhesión ao programa Xantar na Casa e as actuacións do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar para apoiar a petición do Concello de Ourense neste sentido
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 13f2, do 18.04.2024

A **señora Pérez López (P)**, expón os motivos nos que se basea a formulación das cuestións que figuran na iniciativa, ampliando os que se conteñen na súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **señor xerente do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar (Consellería de Política Social e Igualdade), Perfecto Rodríguez Muíños**.

En rolda de réplica, a **señora Pérez López (P),** agradece a resposta do señor Rodríguez Muíños, sobre a que expón novas consideracións.

Pecha o debate desta iniciativa o **señor xerente do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar**, **Perfecto Rodríguez Muíños**, ampliando a información aportada na súa anterior intervención.

A Presidencia agradece a presenza do señor Rodríguez Muíños nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia da mesma xa que non ten mais preguntas ás que teña que dar resposta.

1.1 530 (12/POC-000024)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis
Sobre as medidas da Axencia Galega de Doazón de Sangue, Órganos e Tecidos para incentivar a doazón por parte das galegas e dos galegos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11f1, do 15.04.2024

A **señora Arias Rodríguez (P)**, procede á defensa da iniciativa ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle a **señora directora da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos-ADOS (Consellería de Sanidade), Marisa López García.**

En rolda de réplica a **señora Arias Rodríguez (P),** agradece a ampla información aportada pola señora López García, sobre os que expón novas consideracións.

PARLAMENTO DE GALICIA

Pecha o debate desta iniciativa a **señora directora da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos-ADOS, Marisa López García**, ampliando a información referida na súa intervención inmediatamente anterior.

A Presidencia agradece a presenza da señora directora da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse da mesma para atender outras obrigas.

1.4 2209 (12/POC-000367)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 7 máis
Sobre a situación do servizo de ambulancias na Área Sanitaria de Vigo, as previsións da Xunta de Galicia canto ás medidas de mellora e o nivel de cumprimento dos contratos por parte das concesionarias que teñen adxudicado o servizo
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 17f2, do 25.04.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Prado Cores (BNG),** que pasa a expoñer as razóns nas que se basean as cuestións que figuran na súa iniciativa e que aparecen publicadas no BOPG anteriormente citado.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia a **señora secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, Natalia Lobato Mosquera.**

Na rolda de réplica a **señora Prado Cores (BNG)**, amósase crítica coa intervención da señora Lobato Mosquera e reitérase nas cuestións xa expostas por considerar que non foron contestadas.

Péchase o debate desta pregunta cunha nova intervención da **señora secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, Natalia Lobato Mosquera,** que logo de rebater moitas das afirmacións realizadas pola señora deputada, reitera e amplía o manifestado na súa anterior intervención.

A Presidencia agradece a presenza da señora Lobato Mosquera nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia, dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

1.5 2263 (12/POC-000375)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da planificación asistencial dos períodos estivais nos centros sanitarios de Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 21f2, do 03.05.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Espinosa Mangana (S)**, quen, logo de

PARLAMENTO DE GALICIA

desexarlle ao xerente do Sergas os maiores éxitos no desenvolvemento do seu labor, procede á defensa da iniciativa ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle o **señor xerente do Sergas (Consellería de Sanidade), José Ramón Parada Jorgal**.

En rolda de réplica, a **señora Espinosa Mangana (S),** agradece a información recibida, pero lamenta que non contestara a ningunha das cuestións formuladas na iniciativa.

O **señor xerente do Sergas, José Ramón Parada Jorgal,** logo de matizar as argumentacións expostas pola señora preguntante, pecha o debate da pregunta ampliando a información facilitada na súa intervención anterior.

1.6 2470 (12/POC-000401)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre a situación da Área Sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras canto a recursos humanos, o estado material da UCI do Hospital de Ourense e as medidas que prevé pór en marcha a Xunta de Galicia na procura de solucións
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 21f2, do 03.05.2024

A **señora Rodríguez Dacosta (S),** tras desexarlle ao señor xerente do Sergas éxito no seu traballo, por considerar que será beneficioso para todos, refire as razóns nas que se basean as cuestións que figuran na súa iniciativa e que aparecen publicadas no BOPG anteriormente citado.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia **señor xerente do Sergas (Consellería de Sanidade), José Ramón Parada Jorgal.**

En rolda de réplica a **señora Rodríguez Dacosta (S)**, logo de agradecer a información aportado polo señor Parada Jorgal, amósase en desacordo con algúns aspecto da mesma e reitérase nas cuestións xa expostas.

Péchase o debate desta pregunta cunha nova intervención do **señor xerente do Sergas, José Ramón Parada Jorgal,** que reitera e amplía o manifestado na súa intervención inmediatamente anterior.

A Presidencia agradece a presenza do señor xerente do Sergas nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia da mesma, dado que non ten máis preguntas ás que lle dar resposta.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a todos o seu traballo e levanta a sesión.

PARLAMENTO DE GALICIA

Remata a sesión ás 13:20 horas.

Noelia Pérez López

Firmado digitalmente por Noelia Pérez López
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Noelia Pérez López, email=noelia.perez.lopez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.05.24 10:27:45 +02'00'

Vº e pr
Noelia Pérez López
Presidenta da Comisión

Iria Carreira Pazos

Firmado digitalmente por Iria Carreira Pazos
Fecha: 2024.05.23 10:20:39 +02'00'

Iria Carreira Pazos
Secretaria da Comisión